



Uninova

Iniciativas Empresariais Innovadoras



# CONTAS ANUAIS

SOCIEDADE PARA A  
PROMOCIÓN DE INICIATIVAS  
EMPRESARIAIS  
INNOVADORAS, S.L.

SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS  
EMPRESARIAIS INNOVADORAS, S.L.

Balance de Situación.  
Conta de Perdas e Ganancias.  
Memoria.

Ano  
2019



*D*

*Am*



CONCELLO DE  
SANTIAGO

# BALANCE DE SITUACIÓN

14/3

Ⓟ

SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, S.L. (UNINOVA)

Balance de Situación de PEMES ao peche do exercicio 2019 (31 de decembro)

ACTIVO	2019	2018	PASIVO	2019	2018
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>889,89</b>	<b>2.240,85</b>	<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>317.928,17</b>	<b>281.564,45</b>
Inmobilizacións Intanxibles	856,18	1.436,98	<b>A-1) Fondos Propios</b>	<b>317.928,17</b>	<b>266.549,42</b>
Inmobilizacións Materiais	0,00	770,16	Capital	120.202,42	120.202,42
Inmobilizacións Financeiras	33,71	33,71	Reservas	34.042,38	34.011,64
			Resultados negativos de exercicios anteriores	0,00	0,00
			Outras achegas de socios	212.335,36	170.892,12
			Resultado do exercicio	-48.651,99	-58.556,76
			<b>A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos</b>	<b>0,00</b>	<b>15.015,03</b>
			<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>246.181,56</b>	<b>150.613,34</b>
			Débedas a l/p transformables en subvencións	246.181,56	150.613,34
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>905.220,44</b>	<b>987.632,71</b>	<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>342.000,60</b>	<b>557.695,77</b>
Debedores comerciais e outras contas a cobrar	657.227,66	811.076,02	Débedas con entidades de crédito	90.000,00	0,00
Inversións financeiras a curto prazo	0,00	0,00	Débedas a c/p transformables en subvencións	238.646,43	0,00
Gastos anticipados	499,03	487,73	Outras débedas a c/p	0,00	550.719,02
Tesourería	247.493,75	176.068,96	Provedores empresas do grupo e asociadas	1.527,60	347,08
			Acredores por prestación de servizo	7.257,82	221,24
			Persoal	0,00	3.161,45
			Outras débedas non comerciais	4.568,75	3.246,98
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>906.110,33</b>	<b>989.873,56</b>	<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>	<b>906.110,33</b>	<b>989.873,56</b>

## CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

A handwritten signature in blue ink, consisting of a vertical line with a small hook at the top and a short horizontal stroke at the bottom.A handwritten mark in blue ink, resembling a stylized letter 'Q' or a similar symbol.

SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, S.L. (UNINOVA)

Conta de Perdas e Ganancias de PEMES correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2019

Nº CONTAS		2019 (Debe)Haber	2018 (Debe)Haber
700,701,702,703,704,705,(706),(708),(709)	1. Importe neto da cifra de negocios	10.780,00	780,00
(6930),71,7930	2.Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
73	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		
(600),(601),(602), 606,(607),608,609,61,(6931),	4. Aproxionamentos		
(6932),(6933),7931,7932,7933	5.Outros ingresos de explotación	120.741,89	155.990,05
740,747,75	6. Gastos de persoal	(68.112,89)	(70.734,88)
(64)	7. Outros gastos de explotación	(110.648,99)	(143.246,74)
(62),(631),(634),636,639,(65),(694),(695),794,7954	8. Amortización do inmovilizado	(1.381,70)	(1.594,60)
(68)	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras		
746	10. Excesos de provisións		
7951,7952,7955	11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado		
(670),(671),(672),(690),(691),(692),770,771,772	12. Outros resultados		
790,791,792	A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN 1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	(48.621,69)	(58.806,17)
760,761,762,769	12. Ingresos financeiros	64,70	249,41
(660),(661),(662),(664),(665)(669),	13. Gastos financeiros	(95,00)	
(663),763	14. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros		
(668),768	15. Diferenzas de cambio		
(666)(667)(673)(675)(696)(697)(698)(699,	16.Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros		
766,773,775,796,797,798,799	B) RESULTADO FINANCIERO (12+13+14+15+16)	(30,30)	249,41
	C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)	(48.651,99)	(58.556,76)
	17. Impostos sobre beneficios		
(6300),6301,(633),638	D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+17)	(48.651,99)	(58.556,76)

# MEMORIA

12/1  
A

B

## Tabla de contenidos

1.	Actividade da empresa .....	2
2.	Bases de presentación das contas anuais .....	3
	2.1. <i>Imaxe fiel</i> .....	3
	2.2. <i>Principios contables non obrigatorios</i> .....	3
	2.3. <i>Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza</i> .....	4
	2.4. <i>Comparación da información</i> .....	4
	2.5. <i>Elementos recollidos en varias partidas</i> .....	4
	2.6. <i>Cambios en criterios contables</i> .....	4
	2.7. <i>Corrección de erros</i> .....	4
3.	Normas de rexistro e valoración .....	4
	3.1. <i>Inmovilizado intanxible</i> .....	4
	3.2. <i>Inmovilizado material</i> .....	5
	3.3. <i>Instrumentos financeiros</i> .....	5
	3.4. <i>Existencias</i> .....	5
	3.5. <i>Transaccións en moeda estranxeira</i> .....	6
	3.6. <i>Impostos sobre beneficios</i> .....	6
	3.7. <i>Ingresos e gastos</i> .....	7
	3.8. <i>Provisións e continxencias</i> .....	7
	3.9. <i>Subvencións, doazóns e legados</i> .....	8
4.	Inmovilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias.....	8
5.	Activos financeiros .....	9
6.	Pasivos financeiros.....	11
7.	Fondos propios .....	12
8.	Situación fiscal .....	13
	8.1. <i>Saldos coas administracións públicas</i> .....	13
	8.2. <i>Impostos sobre beneficios</i> .....	14
9.	Operacións con partes vinculadas.....	15
10.	Outra información.....	15
	10.1 <i>Cadro de persoal</i> .....	15
	10.2 <i>Acordos que non figuren no balance</i> .....	16
	10.3 <i>Subvencións, doazóns e legados</i> .....	16
	10.4 <i>Feitos posteriores o peche</i> .....	18
	10.5 <i>Aplicación de resultados</i> .....	18
	10.6 <i>Ingresos e gastos</i> .....	19
	10.7 <i>Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 de xullo</i> .....	20
	10.8 <i>Honorarios de Auditoría</i> .....	20




## MEMORIA PEMES EXERCICIO ANUAL A 31 DE DECEMBRO DE 2019

### 1. Actividade da empresa

A Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. (en adiante a Sociedade), con CIF B -15678733 foi constituída o 17 de decembro de 1998, iniciando as súas operacións en xaneiro de 1999.

A finalidade da Sociedade é a de potenciar o desenvolvemento de iniciativas empresariais partindo da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico da Universidade de Santiago, para contribuír á consolidación na cidade de Compostela dun tecido produtivo e de servizos avanzados con claro matiz innovador.

En particular, a Sociedade poderá realizar as seguintes actividades:

- Apoio á creación, formación e desenvolvemento de empresas.
- Contribución e colaboración na reciclaxe, actualización e especialización profesional de posgraduados, cara a súa integración nunha organización empresarial.
- Apoio á formación de empresarios.
- Formación especializada en actividades de desenvolvemento tecnolóxico.
- Organización de xornadas de estudo, orientación e outros cursos relacionados cos obxectivos xerais da Sociedade.
- Constitución dun centro de apoio e referencia na Comunidade Galega en materia de creación de empresas en base a criterios de innovación tecnolóxica.
- Prestación de servizos e asistencia técnica a empresas innovadoras.
- Calquera outras que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes da Sociedade ou de calquera socios que a integran.

Ao obxecto de cumprir cos seus fins, a Sociedade poderá:

- a) Establecer as estruturas organizativas que considere oportunas para a mellor consecución dos seus fins.
- b) Facilitar intercambios de información.
- c) Constituír servizos de asesoramento.
- d) Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas.
- e) Promover estudos e publicacións.
- f) Establecer convenios e contratos con outras institucións públicas ou privadas.
- g) Calquera outras que afecten ou incidan nos fins estatutariamente establecidos.

ser  
B



Os socios da Sociedade son a Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U., que dispón do 51% do capital social, e o Concello de Santiago, que dispón do 49% (ver apartado 7).

O domicilio social está establecido no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, en Santiago de Compostela. O centro da actividade da empresa radica no Edificio Emprendia, campus Vida s/n 15782 – Universidade de Santiago de Compostela. A Sociedade o 1 de xaneiro de 2011, asina un contrato de arrendamento coa Universidade de Santiago de Compostela que actúa neste caso en calidade de arrendadora dos locais PB-C1 e PB-C2 localizados no módulo central da planta baixa do Edificio Emprendia. O devandito contrato de arrendamento realízase por un período de dez anos que comezará a contar desde o día 1 de xaneiro de 2011 ata o 31 de decembro de 2021. Con data 1 de outubro de 2011 asinouse unha adenda ao contrato de arrendamento co obxecto de reducir a superficie arrendada unicamente ao local PB-C1. Con data 1 de xuño de 2012 asinouse unha nova adenda ao contrato de arrendamento pola que Uninova, xa non disporá da totalidade do local PB-C1, senón que pasará a instalarse unicamente na metade do devandito local.

## 2. Bases de presentación das contas anuais

### 2.1. *Imaxe fiel.*

As Contas Anuais da Sociedade correspondentes ao exercicio 2019 foron formuladas a partires dos rexistros contables da Sociedade a 31 de decembro de 2019.

Na súa elaboración aplícanse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, de 16 de novembro (polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pemes) e demais disposicións legais, vixentes en materia contable, co obxecto de amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade.

As contas anuais que se achegan serán sometidas á súa aprobación pola Xunta Xeral de Socios.

### 2.2. *Principios contables non obrigatorios*

Os principios contables aplicados na elaboración das contas anuais de 2019 son os que se resumen no apartado 4 desta Memoria. Non se aplican principios contables non obrigatorios.

Os principios obrigatorios aplicáronse en termos xerais. Non se aplicou o principio de correlación de ingresos e gastos aos aprovisionamentos de materiais consumibles por non existir medios de control interno específicos dos mesmos dado o seu escaso valor e polo seu pouco peso na prestación de servizos realizada pola empresa. A acomodación da aplicación deste principio cos

principios de importancia relativa e de prudencia axuda a amosar unha imaxe máis fiel.

### ***2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.***

A Sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento.

### ***2.4. Comparación da información.***

As contas anuais deste exercicio compáranse para cada unha das partidas do balance de situación e da conta de perdas e ganancias coas correspondentes ao exercicio 2018.

### ***2.5. Elementos recollidos en varias partidas.***

Non existen elementos patrimoniais que estean rexistrados en varias partidas do balance.

### ***2.6. Cambios en criterios contables.***

Durante o exercicio 2019 a sociedade non procedeu a realizar ningún cambio nos criterios contables.

### ***2.7. Corrección de erros.***

Durante o exercicio 2019 dotáronse reservas, por importe de 30,74 euros, correspondentes o axuste da amortización acumulada. Debido á inmaterialidade do importe non se considera necesario reexpresar as cifras do exercicio anterior.

## **3. Normas de rexistro e valoración**

### ***3.1. Inmobilizado intanxible.***

As aplicacións informáticas valoráranse polo seu custe de adquisición e aplicaráselles a amortización lineal durante un período de tres anos. Os custos de mantemento das aplicacións informáticas lévanse a perdas no momento en que se incorre nos mesmos.

Despois do recoñecemento inicial, o immobilizado intanxible valorárase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

No presente exercicio non se recoñecen "Perdas netas por deterioro" derivadas dos activos intanxibles.

A amortización dos elementos do immobilizado intanxible, aplicada de forma lineal, durante a súa vida útil estimada, é a seguinte:

<i>Descrición</i>	<i>Anos</i>	<i>% Anual</i>
<i>Desenvolvemento</i>		
<i>Concesións</i>		
<i>Patentes, licencias, marcas e similares</i>		
<i>Aplicacións informáticas</i>		33%
<i>Outro inmovilizado intanxible</i>		

### 3.2. *Inmovilizado material.*

O inmovilizado material está composto por aqueles bens tanxibles que posúe a Sociedade para o seu uso na actividade diaria coa finalidade de proporcionar bens e servizos de forma permanente que non sexan destinados á venda directa.

Todas as partidas do inmovilizado material están valoradas polo seu prezo de adquisición.

A Sociedade amortiza o seu inmovilizado material aplicando a amortización lineal, distribuindo o custo dos activos entre os seus anos de vida útil estimada e aplicándolles os seguintes coeficientes anuais:

<i>Elementos de Inmovilizado</i>	<i>% Amortización anual</i>
<i>Equipos de telefonía, comunicacións e son</i>	12%
<i>Equipos informáticos</i>	25%
<i>Mobiliario</i>	10%
<i>Outras Instalacións</i>	10%-12%

Os gastos de mantemento, conservación e reparacións periódicas normais cárganse ao resultado do exercicio no que se incorren.

### 3.3. *Instrumentos financeiros.*

A Sociedade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa.

Segundo as normas do Plan Xeral de Contabilidade de Pemes, as débedas clasifícanse, a corto ou longo prazo, en función do seu vencemento sendo reclasificadas anualmente.

### 3.4. *Existencias.*

Ao tratarse de unha empresa de servizos as existencias da Sociedade limitáanse ás compras de bens de material de oficina e de mantemento das instalacións. Ao tratarse de compras de escaso valor considerarase que todas se consumen no exercicio, non quedando existencias finais.

Ao 31 de decembro de 2019 a Sociedade non ten ningún servizo a clientes que debido á súa longa duración se puidese considerar en curso.

### 3.5. *Transaccións en moeda estranxeira.*

As operacións realizadas en moeda estranxeira rexistraranse na moeda funcional da Sociedade, e dicir, en euros aos tipos de cambio vixentes no momento da transacción. As diferenzas que se producen entre o tipo de cambio contabilizado e o que se atopa en vigor á data de cobro ou de pago rexistraranse como resultados financeiros na conta de resultados.

### 3.6. *Impostos sobre beneficios.*

- O gasto polo imposto corrente determínase aplicando o tipo de imposto vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado obtido polo importe das bonificacións e deducións xerais aplicadas no exercicio.
- Os activos e pasivos por impostos diferidos proceden das diferenzas temporais. E dicir, dos importes que se ten previsto pagar ou recuperar no futuro derivados da diferenza entre o valor, dos activos e pasivos, rexistrados nos libros contables e a súa base fiscal. Estes importes rexístranse aplicando a diferenza temporal ao tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.
- Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impoñibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.
- Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para todas as diferenzas temporais impoñibles, salvo que estas se deriven do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou dunha transacción. E que ademais, non sexa unha combinación de negocios de outros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ao resultado fiscal nin contable.
- Pola súa banda, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporais a deducir só se recoñecen, ao igual que o resto de impostos diferidos (bases impoñibles negativas e deducións pendentes de compensar), no caso de que se considere probable que a Sociedade vai a ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos. Neste último caso, ademais non poden proceder do recoñecemento inicial de outros activos e pasivos froito dunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable.
- Con ocasión de cada peche contable, revisaranse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) co obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmos, de acordo cos resultados das análises realizadas.
- O gasto ou ingreso polo imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, de ser o caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do

ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización de aquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

### *3.7. Ingresos e gastos.*

- Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo con independencia do momento no que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.
- A Sociedade unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio. Os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse no momento que se coñecen.
- Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir, derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración dos mesmos. Non obstante, a Sociedade inclúe os intereses incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de xuro contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.
- Os descontos concedidos a clientes recoñécense no momento en que é probable que se vaian a cumprir as condicións que determinan a súa concesión como una redución dos ingresos por vendas.
- Os anticipos a conta de vendas futuras figuraran valorados polo valor recibido.

### *3.8. Provisións e continxencias.*

- As obrigacións existentes a 31 de decembro de 2018 xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que se poidan derivar danos para a Sociedade e dos que o importe no momento da súa cancelación é indeterminado, figuran no balance de situación como provisións polo valor que na actualidade se estima como máis probable a desembolsar pola Sociedade para a súa cancelación.
- A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obriga, non supón unha minoración do importe da súa débeda, mantense o recoñecemento no activo da Sociedade do correspondente dereito de cobro, sempre que non existan dúbidas de que o reembolso será percibido.
- A Sociedade segue o criterio de rexistrar provisións para as eventuais responsabilidades, litixios e demandas que se puideran derivar do desenvolvemento da súa actividade.




### 3.9. Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións de explotación de carácter non reintegrable e destinadas a financiar globalmente a actividade da Sociedade contabilízanse como ingresos na conta de resultados no momento da súa concesión.

Aquelas subvencións destinadas especificamente á compensación dos gastos correntes nos que se incorre na realización de proxectos específicos rexístranse como “Débedas transformables en subvencións”, e impútanse ao resultado do exercicio en función do grao de avance en costes que se produce nos distintos proxectos subvencionados.

Aquelas subvencións, doazóns ou legados destinados especificamente á adquisición de inmovilizado rexístranse como “Subvencións oficiais de capital” e “Doazóns e legados de capital”, imputándose ao resultado do exercicio en proporción á depreciación experimentada durante o período polos citados elementos. No caso de activos non amortizables, impútanse ao resultado do exercicio no que teña lugar a súa venda ou baixa no inventario.

As subvencións de carácter reintegrable rexístranse como pasivos ata que adquiren a condición de non reintegrables. Segundo o indicado na nota 2 da memoria, atenderanse aos criterios que establece a Disposición adicional única da Orde EHA/733/2010. Segundo esta, considerárase como subvención non reintegrable cando na data de formulación das contas anuais se executase a actuación, total o parcialmente. No suposto de execución parcial, a subvención clasificarase como non reintegrable en proporción ao gasto executado sempre que non existan dúbidas razoables de que se concluirá nos termos fixados nas condicións de outorgamento.

As achegas de socios con finalidade indeterminada, para financiar déficits de explotación ou gastos xerais de funcionamento da empresa, non asociados con ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón co conxunto das actividades que realiza, aínda cando unha parte das actividades desenvolvidas sexan actividades de interese público ou xeral, sempre que estas non recibiran unha financiación individualizada, considéranse “achegas de socios” e contabilízanse directamente nos fondos propios do balance.

## 4. Inmovilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias

No seguinte cadro amósase o estado dos movementos do Inmovilizado Material e do intanxible:

	Inmobiliza intanxible	Inmobiliza material	Inversión inmob.	Total
A) SALDO INICIAL BRUTO, EJERCICIO 2018	6.087,88	35.733,87		41.821,75
(+) Entradas	1.760,00	-		1.760,00
(-) Saídas	-	-		-
B) SALDO FINAL BRUTO, EJERCICIO 2018	7.847,88	35.733,87		43.581,75
C) SALDO INICIAL BRUTO, EJERCICIO 2019	7.847,88	35.733,87		43.581,75
(+) Entradas	-	-		-
(-) Saídas	-	-		-
D) SALDO FINAL BRUTO, EJERCICIO 2019	7.847,88	35.733,87		43.581,75
E) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL EJERCICIO 2018	6.087,88	33.692,13		39.780,01
(+) Dotación á amortización do exercicio 2018	323,02	1.271,58		1.594,60
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos	-	-		-
(-) Diminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	-	-		-
F) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EJERCICIO 2018	6.410,90	34.963,71		41.374,61
G) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL EJERCICIO 2019	6.410,90	34.963,71		41.374,61
(+) Dotación á amortización do exercicio 2019	580,80	800,90		1.381,70
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos	-	-		-
(-) Diminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	-	-		-
H) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EJERCICIO 2019	6.991,70	35.764,61		42.756,31
I) CORRECCIÓN VALOR POR DETERIORO, SALDO INICIAL EX 2018	-	-		-
(+) Correccións valorativas por deterioro reconfirmadas no período	-	-		-
(-) Reversión de correccións valorativas por deterioro	-	-		-
(-) Diminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	-	-		-
J) CORRECCIÓN VALOR POR DETERIORO, SALDO FINAL EX 2018	-	-		-
K) CORRECCIÓN VALOR POR DETERIORO, SALDO INICIO EX 2019	-	-		-
(+) Correccións valorativas por deterioro reconfirmadas no período	-	-		-
(-) Reversión de correccións valorativas por deterioro	-	-		-
(-) Diminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	-	30,74		30,74
L) CORRECCIÓN VALOR POR DETERIORO, SALDO FINAL EX 2019	-	-		-
M) VALOR NETO CONTABLE FINAL EJERCICIO 2019	856,18	-		856,18

*Handwritten signature*

## 5. Activos financeiros

a) Valor dos activos financeiros, salvo inversións no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº 2 del BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os débitos coas Administracións Públicas. A información dos instrumentos financeiros do activo do balance da sociedade a curto prazo, sen considerar o efectivo e outros activos equivalente, clasificados por categorías, é a que se amosa a continuación:

*Handwritten mark*

Activos financeiros a curto prazo, salvo inversión no patrimonios de empresas do grupo, multigr. e asociadas (3)

CLASES								
CATEGORIAS	Instrumentos de patrimonio		Valores representativos de débeda		Créditos Derivados Outros		TOTAL	
	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018
	Activos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias							
Inversións mantidas ata o vencemento	33,71	33,71					33,71	33,71
Préstamos e partidas a cobrar					142.635,35	194.235,35	142.635,35	194.235,35
Activos dispoñibles para a venda								
Derivados de cobertura								
<b>TOTAL</b>	<b>33,71</b>	<b>33,71</b>			<b>142.635,35</b>	<b>194.235,35</b>	<b>142.669,06</b>	<b>194.235,35</b>

(3) O efectivo e outros activos equivalentes non se inclúen no recadro.

O importe de 142.635,35 € que figura na cadro no apartado “Préstamos e partidas a cobrar” correspóndese cos seguintes epígrafes:

- Debedores, por importe de 142.635,35 euros, que inclúe 5.664,35€ pendente de cobro do proxecto Europeo Transtic (xa finalizado e xustificado) e a achega de socios correspondentes aos anos 2018 e 2019, non satisfeitas, da Universidade de Santiago de Compostela: ano 2018, 85.971,00 € e ano 2019, 51.000,00 €.

As inversións financeiras a longo prazo, por importe de 33,71 € correspóndense con fianzas constituídas de contratos de subministro.

#### b) Correccións por deterioro do valor orixinadas polo risco de crédito

A análise do movemento das contas correctoras representativas das perdas por deterioro orixinadas polo risco do crédito é o que se reflexa no seguinte cadro:

	Clases de activos financeiros					
	Valores representativos de débeda		Créditos, derivados e outros (1)		TOTAL	
	l/p	c/p	l/p	c/p	l/p	c/p
<b>Perda por deterioro ao inicio do exercicio 2018</b>				10.681,07		10.681,07
(+) Corrección valorativa por deterioro				0		0
(-) Reversión do deterioro						
(-) Saídas e reducións						
(+/-) Traspasos e outras variacións (combinacións de negocio, etc.)						
<b>Perda por deterioro ao final do exercicio 2019</b>				10.681,07		10.681,07
(+) Corrección valorativa por deterioro						
(-) Reversión do deterioro						
(-) Saídas e reducións						
(+/-) Traspasos e outras variacións (combinacións de negocio, etc.)						
<b>Perda por deterioro ao final do exercicio 2019</b>				10.681,07		10.681,07



## 6. Pasivos financeiros.

De conformidade co indicado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (consulta nº 2 del BOICAC nº 87/2011) neste apartado da memoria non se inclúen os créditos coas Administracións Públicas. A información dos instrumentos financeiros do pasivo do balance da Sociedade a curto prazo, clasificados por categorías é a seguinte:

CURTO PRAZO								
	Débedas con entidades de crédito		Obrigacións e outros valores		Derivados e outros		TOTAL	
	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018
Débitos e partidas a pagar	90.000,00				247.431,85	554.448,79	337.431,85	554.448,79
Pasivos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias, do cal:								
Mantidos para negociar								
Outros								
Derivados de cobertura								
<b>TOTAL</b>	<b>90.000,00</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>247.431,85</b>	<b>554.448,79</b>	<b>337.431,85</b>	<b>554.448,79</b>

O importe de 337.431,85 € que figura na cadro no apartado “Débitos e partidas a pagar” correspóndese, principalmente, cos seguintes epígrafes:

- Débeda con Banco Sabadell por préstamo concedido o 10 de decembro por importe de 90.000,00 euros.
- Outras débedas a curto prazo, por importe de 238.646,43 euros, correspondentes coa conta “Débedas a curto prazo transformables en subvencións”.
- Provedores, empresas do grupo e asociadas, por importe de 1.527,60 euros.
- Acredores comerciais e outras contas a pagar, por importe de 7.257,82 euros (sen ter en conta os apartados de “Facenda Pública Acredora por conceptos fiscais” e “outras débedas coas Administracións”).

### Clasificación por vencementos

As clasificacións por vencemento dos pasivos financeiros da Sociedade, nos vindeiros anos e ao peche do exercicio ata o seu vencemento, detállanse no seguinte cadro:

Vencemento dos instrumentos financeiros de pasivo ao peche do exercicio 2019

	Vencemento en anos						TOTAL
	1	2	3	4	5	> 5	
Débedas a longo prazo		246.181,56					246.181,56
Débedas con entidades de crédito							
Acredores por arrendamento financeiro							
Outras débedas a longo prazo		246.181,56					246.181,56
Débedas con empresas grupo e asociadas a longo prazo							
Débedas a curto prazo	328.646,43						328.646,43
Débedas con entidades de crédito	90.000,00						90.000,00
Acredores por arrendamento financeiro							
Outras débedas a curto prazo	238.646,43						238.646,43
Débedas con empresas grupo e asociadas a longo prazo	1.527,60						1.527,60
Acredores comerciais e outras contas a pagar	7.257,82						7.257,82
Provedores							
Outros acredores	7.257,82						7.257,82
Persoal							
<b>TOTAL</b>	<b>337.431,85</b>	<b>246.181,56</b>					<b>583.613,41</b>

- O importe de 246.181,56 € que figura a longo prazo correspóndese coa conta “Débedas a longo prazo transformables en subvencións” e é referido ao importe pendente de imputar ao patrimonio neto dos proxectos: SPIN UP (132.120,60 €), BIOINCUBATECH (69.130,67 €) e YEIM 2 (44.930,29 €).

## 7. Fondos propios

O movemento deste epígrafe do balance de situación durante o exercicio 2018 foi o seguinte:

	Capital social	Reservas	Achegas socios	Rdos. exercicios anteriores	Resultado do exercicio
Saldo 31.12.18	120.202,42	34.011,64	170.892,12	-	(58.556,76)
Distribución resultado 2018	-	-	(58.556,76)	-	-
Resultado do exercicio 2019	-	-		-	(48.651,99)
Achegas de socios	-	-	100.000,00	-	-
Corrección de erros		30,74			
<b>Saldo 31.12.19</b>	<b>120.202,42</b>	<b>34.042,38</b>	<b>212.335,36</b>		<b>(48.651,99)</b>

O capital da Sociedade formado por 1.000 participacións sociais con iguais dereitos e cun valor nominal de 120,20242 € cada unha.

Os socios contan a 31 de decembro de 2019, cunha participación superior ao 10% do capital distribuído como se amosa no seguinte cadro:

Socio	Nº de participacións	Capital	% de Participación
Sociedade Xestora de Intereses da USC, S.L.U.	510	61.303,23	51%
Concello de Santiago de Compostela	490	58.899,19	49%
Total	1.000	120.202,42	100%

En canto aos dous socios de Uninova, O Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, realizaron durante o ano 2019 as seguintes contribucións: O Concello 49.000,00€ e a Universidade 51.000,00€. Ambas achegas, por canto teñen como obxectivo financiar os gastos de funcionamento da sociedade e considéranse “achegas de socios”.

## 8. Situación fiscal

### 8.1. Saldos coas administracións públicas

	Exercicio 2019	Exercicio 2018
<u>Debedor</u>		
Facenda Pública, debedor por IS	12,30	44,43
Facenda Pública, debedor por IVE	8.283,82	17.815,14
Facenda Pública, IVE soportado pte de devengo	1.165,50	
Facenda Pública, debedor por subv. conced	505.130,69	598.981,10
<u>Acredor</u>		
Facenda Pública, acreedora por IVE	0,00	0,00
Facenda Pública, acreedora por IRPF	2.906,17	1.659,16
Organismos da Seguridade Social	1.662,58	1.587,82
Facenda Pública, acreedora por subv. reintegrables	0,00	0,00

O importe de 505.130,69 euros que figura en Facenda Pública, debedor por subvencións concedidas, correspóndese co Proxecto SPIN UP: 264.241,20 euros, co Proxecto BIOINCUBATECH: 150.613,34 euros e co Proxecto YEIM SGA2: 90.276,15 euros.

## 8.2. Impostos sobre beneficios

A Sociedade presenta anualmente unha declaración a efectos do Imposto sobre Sociedades. Os beneficios, determinados conforme á lexislación fiscal, están suxeitos ao tipo de gravame de empresas de reducida dimensión. Da cota resultante poden practicarse determinadas deducións establecidas pola lexislación vixente.

De acordo coa Lei do Imposto sobre Sociedades en vigor, se en virtude das normas aplicables para a determinación da base imponible, esta resultase negativa o seu importe poderá ser compensado sen límite temporal en exercicios inmediatos e sucesivos a aquel no que se orixinou a perda, distribuíndo a contía na proporción que se estime conveniente. A compensación realizarase ao tempo de formular a declaración do Imposto sobre Sociedades, sen prexuízo das facultades de comprobación que correspondan ás autoridades fiscais.

Conforme ás declaracións do Imposto sobre Sociedades presentadas e á declaración que se espera presentar para o exercicio 2019, a Sociedade dispón das seguintes bases impositivas negativas a compensar.

Ano de orixe	Euros
1999	76.366,22
2000	139.802,86
2001	97.896,08
2002	152.004,74
2003	20.718,98
2004	69.933,02
2005	45.605,72
2006	50.386,19
2007	53.379,75
2009	23.614,33
2011	47.275,65
2013	29.193,43
2014	45.838,61
2015	62.135,52
2016	50.886,74
2017	34.159,08
2018	58.556,76
2019	48.651,99
<b>TOTAL</b>	<b>1.106.405,67</b>



Ata o exercicio actual realizáronse as seguintes compensacións por beneficios presentados: 11.208,98 € no exercicio 2008 , 16.755,98 € no exercicio 2010.

Os exercicios abertos a inspección comprenden os catro últimos exercicios. As declaracións de impostos non poden considerarse definitivas ata a súa

prescripción ou a súa aceptación polas autoridades fiscais, con independencia de que a lexislación fiscal sexa susceptible de interpretacións. O Consello de Administración estima que calquera pasivo fiscal adicional que puidera poñerse de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non tería un efecto significativo nas contas anuais tomadas no seu conxunto.

## 9. Operacións con partes vinculadas

O detalle dos saldos e transaccións coa USC, socio da Sociedade, durante os exercicios 2019 e 2018 foi o seguinte:

	2019	2018
<i>Ingresos:</i>	0,00	0,00
<i>Recepción de servizos:</i>		
- <i>Arrendamento instalacións</i>	3.405,44	3.405,00
- <i>Consumo servizos</i>	269,60	248,57
- <i>Informes</i>	0,00	3.323,69
<i>Saldos a 31/12</i>		
- <i>Acredor</i>	1.527,60	347,08
- <i>Debedor</i>	0,00	0,00

Os membros do Consello de Administración non percibiron durante o exercicio 2019 soldos, dietas ou remuneracións de calquera clase e as decisións da Sociedade tómanse en Consello de Administración. Tampouco a Sociedade ten obrigas contraídas en materia de pensións, seguros de vida ou semellantes respecto aos membros actuais ou anteriores do órgano de administración. A Sociedade non ten concedidos nin anticipos nin créditos nin garantías a favor de membros do Consello de Administración.

Os administradores non informaron de ningunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puidesen ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedade de Capital.

## 10. Outra información

### 10.1 Cadro de persoal

A distribución por categorías, ao remate do exercicio, do persoal da sociedade é a seguinte:

	Total		Homes		Mulleres	
	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018
Conselleiros (1)						
Altos directivos (non conselleiros)						
Resto de persoal de dirección das empresas						

Técnicos e profesionais científicos e intelectuais e de apoio	1	1			1	1
Empregados de tipo administrativo	1	1			1	1
Comerciais, vendedores e similares						
Resto de persoal cualificado						
Traballadores non cualificados						
<b>Total persoal ao remate do exercicio</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>2</b>

A continuación detállase, por categorías, o cadro medio de persoal da sociedade:

	Total		Homes		Mulleres	
	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018	Ex. 2019	Ex. 2018
Conseleiros (1)						
Altos directivos (non conselleiros)						
Resto de persoal de dirección das empresas						
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais e de apoio	1	1			1	1
Empregados de tipo administrativo	1	1,16			1	1,16
Comerciais, vendedores e similares						
Resto de persoal cualificado						
Traballadores non cualificados						
<b>Total persoal ao remate do exercicio</b>	<b>2</b>	<b>2,16</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>2,16</b>

### 10.2 Acordos que non figuren no balance

A sociedade non ten acordos que non figuren no balance.

### 10.3 Subvencións, doazóns e legados

No seguinte cadro amósanse as subvencións recoñecidas no patrimonio neto da sociedade e as imputacións a resultados feitas no exercicio 2019 e 2018:

SUBVENCIONS	2.019		2.018	
	Concepto	Proxecto Europeo YEIM SGA1	Proxecto Europeo YEIM SGA1	Proxecto Europeo YEIM SGA1
Débeda c/p transformable en subvención		-		-
Débeda l/p transformable en subvención		-		-
Importe recoñecido no patrimonio neto do balance		15.015,03		55.057,68
Adicións exercicio		-		115.947,40
Outros movementos		4.851,98		-
Imputado na conta de resultados		10.163,05		155.990,05
Saldo final recoñecido no patrimonio neto do balance		-		15.015,03

SUBVENCIONS	2.019	2.018
Concepto	Proxecto Europeo YEIM SGA2	Proxecto Europeo YEIM SGA2
Débeda c/p transformable en subvención	67.097,91	-
Débeda l/p transformable en subvención	44.930,29	-
Importe recoñecido no patrimonio neto do balance	-	-
Adicións exercicio	68.524,09	-
Outros movementos	-	-
Imputado na conta de resultados	68.524,09	-
Saldo final recoñecido no patrimonio neto do balance	-	-

SUBVENCIONS	2.019	2.018
Concepto	Proxecto BIOINCUBATECH	Proxecto BIOINCUBATECH
Débeda c/p transformable en subvención	68.922,67	-
Débeda l/p transformable en subvención	69.130,67	150.613,34
Importe recoñecido no patrimonio neto do balance	-	-
Adicións exercicio	12.560,00	-
Outros movementos	-	-
Imputado na conta de resultados	12.560,00	-
Saldo final recoñecido no patrimonio neto do balance	-	-

SUBVENCIONS	2.019	2.018
Concepto	Proxecto SPIN UP	Proxecto SPIN UP
Débeda c/p transformable en subvención	102.625,85	-
Débeda l/p transformable en subvención	132.120,60	-
Importe recoñecido no patrimonio neto do balance	-	-
Adicións exercicio	29.494,75	-
Outros movementos	-	-
Imputado na conta de resultados	29.494,75	-
Saldo final recoñecido no patrimonio neto do balance	-	-



O ente público, de carácter internacional, que concede a subvención do proxecto YEIM é a European Commission, Enterprise and Industry–Directorate General (SMEs and Entrepreneurship–Entrepreneurship); o proxecto SPIN\_UP e BIOINCUBATECH están financiados con Fondos Feder (Fondo de desenvolvemento Rexional) a través do POCTEP e INCYDE respectivamente.

#### 10.4 Feitos posteriores o peche.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou o brote de Coronavirus COVID-19 unha pandemia, debido á súa rápida propagación polo mundo, afectando a máis de 150 países. A maioría dos Gobernos están a tomar medidas restritivas para conter a propagación, que inclúen: illamento, confinamento, corentena e restrición ao libre movemento de persoas, peche de locais públicos e privados, salvo os de primeira necesidade e sanitarios, peche de fronteiras e redución drástica do transporte aéreo, marítimo, ferroviario e terrestre. En España, o Goberno adoptou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que en principio tería unha duración de 15 días naturais. Esta situación está a afectar de forma significativa á economía global, debido á interrupción ou ralentización das cadeas de subministración e ao aumento significativo da incerteza económica, evidenciado por un aumento na volatilidade do prezo dos activos, tipos de cambio e diminución dos tipos de interese a longo prazo.

Para mitigar os impactos económicos desta crise, o mércores 18 de marzo, en España publicouse a Real Decreto–lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19. As consecuencias derivadas da COVID-19, considéranse un feito posterior que non require un axuste nas contas anuais do exercicio 2019, sen prexuízo de que deban ser obxecto de recoñecemento nas contas anuais do exercicio 2020.

Á data de formulación das contas anuais, a Sociedade, non se viu afectada, nin se espera que se vexa afectada de forma significativa polos impactos da COVID-19.

#### 10.5 Aplicación de resultados.

A proposta de aplicación do resultado do exercicio 2019, pendente de aprobación pola xunta xeral de socios, contempla a súa compensación coas achegas de socios:

Base de reparto	Exercicio 2019	Exercicio 2018
Saldo da conta de perdas e ganancias	-48 651.99	-58 556.76
Remanente		
Reservas voluntarias		



Outras reservas de libre disposición			
Total		-48.651,99	-58.556,76
	Aplicación	Exercicio 2019	Exercicio 2018
	A reserva legal		
	A reserva por fondo de comercio		
	A reservas especiais		
	A reservas voluntarias		
	A compensación de resultados negativos de exercicios anteriores		
	A dividendos		
	Resultados negativos de exercicios anteriores		
	Outras achegas de socios	-48.651,99	-58.556,76
	<b>Total</b>	<b>-48.651,99</b>	<b>-58.556,76</b>

### 10.6 Ingresos e gastos.

Detalle da conta de perdas e ganancias	Exercicio 2019	Exercicio 2018
<b>1.- Consumo de mercadorías</b>		
a) Compras, netas de devolucións e calquera desconto, das cales:		
- Nacionais		
- Adquisicións intracomunitarias		
- Importacións		
b) Variación de existencias		
<b>2.- Consumo de materias primas e outras materias consumibles</b>		
a) Compras, netas de devolucións e calquera desconto, das cales:		
- Nacionais		
- Adquisicións intracomunitarias		
- Importacións		
b) Variación de existencias		
<b>3.-Gastos de persoal</b>	<b>68.112,89</b>	<b>70.734,88</b>
a) Soldos, salarios e asimilados	51.607,20	53.917,58
b) Cargas Sociais	16.505,69	16.817,30
<b>3.- Outros gastos de explotación</b>	<b>110.648,99</b>	<b>143.246,74</b>
a) Servizos exteriores	59.406,83	58.380,54
b) Tributos	0	0
c) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	0	0
d) Outros gastos de xestión corrente	51.242,16	84.866,20

O importe de 59.406,83 € que figura no cadro no apartado "Servizos Exteriores" correspóndese, principalmente, cos seguintes gastos:

- Gastos Proxectos: 49.001,10 €
- Aluguer oficina: 3.405,44 €

- Asesoría contable, fiscal e laboral: 2.255,00 €
- Outros (Consultaría, notarios, primas de seguro, subministro, consumibles de oficina, etc...)

O importe de 51.242,16€ que figura no apartado “Outros Gastos de Xestión Corrente” correspóndese co importe pagado de becas a emprendedores polo proxecto europeo YEIM SGA1 e SGA2.

**10.7 Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. “Deber de información” da Lei 15/2010, de 5 de xullo.**

No seguinte cadro amósase o período medio de pago aos provedores (prazo que transcorre desde a entrega dos bens ou a prestación dos servizos a cargo do provedor e o pago material da operación) no exercicio:

CONCEPTO	Número días 2019	Número días 2018
Período medio de pago a provedores	28,99	2,32

**10.8 Honorarios de Auditoría.**

Os honorarios relativos aos servizos de auditoría se inclúen dentro do importe de adxudicación de contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto, efectuado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), do servizo de auditoría financeira e de legalidade da USC e das súas sociedades das que é socio maioritario. A Sociedade non soportou honorarios polos servizos de auditoría debido a que estes foron a cargo da USC.


